

9.O grupo de desenvolvemento local do sector pesqueiro (GALP)

9.1 A asociación

Facer unha pequena descrición da entidade indicando cales son os seus principais fins, e a relevancia que ten no territorio para o sector pesqueiro, ou a nivel social e institucional.

O GALP: Entidade para o desenvolvemento participativo.

O GALP Seo de Fisterra – Ría de Muros-Noia, Costa Sostible é unha entidade nacida no marco das estratexias europeas para o desenvolvemento de zonas costeiras. No ano 2009 naceu como GAC, ao amparo do FEP, e, trala aprobación do FEMP, converteuse no actual GALP, engadindo á súa denominación "Costa Sostible", como expresión da súa vocación e da súa visión da zona pesqueira como Territorio Costeiro Sostible.

Na súa composición social, con 46 socios, intégranse todos os concellos e confrarías do territorio, alén dun gran número de entidades sociais que o converte no **principal foro de participación e intercambio de ideas de toda a zona**.

A súa finalidade céntrase no desenvolvemento do territorio a partir da economía azul sostible, co sector da pesca como principal foco de atención, nas súas dimensións económica, social e cultural.

O seu territorio de actuación son os nove municipios que compoñen a zona pesqueira: Fisterra, Corcubión, Cee, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia e Porto do Son.

Relevancia para o territorio.

O GALP Costa Sostible vén consolidando o seu papel de referencia na zona pesqueira, dentro da cal cumpre as seguintes funcións.

-Xestión das axudas do fondos e europeos para pesca ao amparo de EDLP. Certamente este foi o motivo da súa constitución, e ten amosado eficacia e capacidade de dinamización.

-Entidade de participación. A partir do anterior, pola súa metodoloxía de traballo a través da participación, pasou a ser centro dunha rede formada por entidades de toda índole, promotores e centos de persoas integradas no proceso participativo.

-Impulsor dos principios da sostibilidade. Pola súa orixe e práctica, o GALP é a mellor ferramenta para a transmisión dos principios do crecemento sostible, a partir de múltiples medios: asesoramento nos proxectos; asistencia ás institucións e entidades neste eido; estratexia de difusión. Como

culminación disto, o GALP é o impulsor do Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible, un entorno de traballo para a adaptación e aplicación destes principios á realidade do territorio.

-Para o **sector da pesca**, en particular, o GALP constitúese, por unha banda, nunha das maiores **ferramentas de financiamento**, a máis importante no caso das PEME do sector. Por outra banda, é neste sector onde maior relevancia adquire o seu **papel de transformación**: impulsa a **diversificación** do sector favorecendo investimentos nos puntos máis estratéxicos da cadea; é clave na **colaboración** e na dinamización de proxectos conxuntos entre entidades do sector; e tamén aporta un reforzo extra na **comunicación e promoción** dos traballos e dos produtos do mar.

-Tamén dentro do sector da pesca, o GALP, favorece cambios en aspectos como a **gobernanza**, a mellora das **condicións de traballo**, o **empoderamento** das mulleres o a difusión da **cultura mariñeira**.

-No sector da hostalería e do turismo tamén ten especial relevancia, polo apoio económico e técnico que achega. É o impulsor das marcas MarGalaica e Km 0 MarGalaica e lidera iniciativas como as cartas dixitais ou a promoción dos produtos gastronómicos.

9.2 Relación de entidades socias

Táboa. Relación de entidades socias do GALP

Entidades de defensa dos intereses de: *Mulleres | **Xuventude | ***Persoas con discapacidade e/ou risco de saúde mental discapacidade

-Non se inclúen datos de carácter persoal-

Nº	Denominación	NIF	Domicilio social	Representante	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Socios
1	Confraría de Pescadores San Telmo (Porto do Son)	G-15.034.945	Peirao, s/n -Porto do Son		Pesqueiro	Corporación de dereito público	03/10/2008	Non ten	80
2	Confraría de Pescadores de Muros	G-15.038.508	Porta da Vila, 16 – 2º - Muros		Pesqueiro	Corporación de dereito público	03/10/2008	Non ten	224
3	Confraría de Pescadores San Andrés (Portosín)	G-15.037.887	Peirao, s/n – Portosín – Porto do Son		Pesqueiro	Corporación de dereito público	03/10/2008	1923	200
4	Confraría de Pescadores de O Pindo	G-15.038.524	O Pindo - Carnota		Pesqueiro	Corporación de dereito público	03/10/2008	Non ten	105
5	Confraría de Pescadores Ntra. Sra. de las Arenas (Fisterra)	G-15.035.363	Rúa Manuel Lago Pais, s/n - Fisterra		Pesqueiro	Corporación de dereito público	03/10/2008	1923	200
6	Confraría de Pescadores San Bartolomé (Noia)	G-15.030-844	República Arxentina, s/n - Noia		Pesqueiro	Corporación de dereito público	03/10/2008	1960	1.272
7	Confraría de Pescadores Virxe do Carme (Corcubión)	G-15.047.707	Porto Pesqueiro, s/n - Corcubión		Pesqueiro	Corporación de dereito público	03/10/2008	Non ten	96
8	Confraría de Pescadores de Lira	G-15.038.516	Portocubelo, s/n – Lira - Carnota		Pesqueiro	Corporación de dereito público	03/10/2008	1945	95
9	Concello de Muros	P-15-.054.00-J	Curro da Praza, 1 - Muros		Público	Administración local	03/10/2008		
10	Concello de Outes	P-15.063-00-A	Rúa da Vila, 1 - Outes		Público	Administración local	03/10/2008		
11	Concello de Noia	P-15.058.00-A	Rúa Rosalía de Castro, 2 - Noia		Público	Administración local	03/10/2008		
12	Concello de Porto do Son	P-15.072.00-B	Rúa Atalaia, s/n – Porto do Son		Público	Administración local	03/10/2008		
13	Concello de Carnota	P-15.020-00-A	Praza de San Gregorio, 19 - Carnota		Público	Administración local	03/10/2008		
14	Concello de Fisterra	P-15.038-00-C	Rúa Santa Catalina, 1 - Fisterra		Público	Administración local	03/10/2008		
15	Concello de Dumbría	P-15.034-00-B	Estrada de Dumbría, s/n - Dumbría		Público	Administración local	03/10/2008		
16	Concello de Corcubión	P-15.028.00-D	Praza Carreta, 1 - Corcubión		Público	Administración local	03/10/2008		

Nº	Denominación	NIF	Domicilio social	Representante	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Socios
17	Asoc. Turístico Comarcal Ría Muros-Noia	G-70.158.035	Casa Peto – Cruceiro de Roo - Outes		Económico	Asociación empresarial	03/10/2008	27/12/2007	17
18	Concello de Cee	P-15.023.00-E	Rúa Domingo Andrade, s/n - Cee		Público	Administración local	16/01/2009		
19	Club Marítimo Carrumeiro	G-15.367.071	Peirao, s/n - Corcubión		Social	Asociación sen ánimo de lucro	16/01/2009	18/04/1977	139
20	Asociación de Produtores Mexilloeiros da Ría Muros-Noia	G-15.078.165	Peirao, s/n - Muros		Pesqueiro	Asociación empresarial	16/01/2009	09/01/2001	33
21	Real Club Náutico de Portosín	G-15.055.486	Porto Deportivo – Portosín – Porto do Son		Social	Asociación sen ánimo de lucro	16/01/2009	27/09/2006	681
22	Asociación Sonense de Empresarios	G-15.155.591	Praza Xerardo Díaz, 2 – baixo – Porto do Son		Económico	Asociación Empresarial	16/01/2009	18/03/1987	135
23	***Asociación Pro Saúde Mental A Creba	G-15.476.310	Polígono de Augalevada, 19 - Noia		Social	Asociación sen ánimo de lucro	16/01/2009	14/05/2004	301
24	Club Náutico de Porto do Son	G-70.085.766	Peirao, s/n – Porto do Son		Social	Asociación sen ánimo de lucro	16/01/2009	19/12/2006	395
25	***Misela (Asociación de persoas con discapacidade das Comarcas de Noia e Muros)	G-15.450.250	Rúa República Arxentina, 56 - Noia		Social	Asociación sen ánimo de lucro	16/01/2009	12/05/2004	334
26	Asociación Noia Histórica	G-15.871.189	Rúa do Curro, 31 – 2º - Noia		Económico	Asociación Empresarial	16/01/2009	01/10/2002	153
27	Asociación de Veciños A Ostreira	G-15.396.567	A Robaleira – Abelleira - Muros		Social	Asociación sen ánimo de lucro	25/02/2011	27/12/2003	234
28	*Asociación de Redeiras Virxe do Carme	G-15.889.991	Avda. de Galicia – Porto do Son		Pesqueiro	Asociación sen ánimo de lucro	02/12/2011	19/05/2003	34
29	Asociación Mar de Noia	G-15.932.940	Rúa Ramón Álvarez de la Braña, 1 – 4º - Noia		Social	Asociación sen ánimo de lucro	14/03/2014	03/06/2004	200
30	***Club Adeco-Dea	G-15.257.645	Rúa Frei Lois Rodríguez, 9 – Baixo - Noia		Social	Asociación sen ánimo de lucro	14/03/2014	30/04/2005	41
31	*Asociación Amas de Casa Noela	G-15.887.862	Avda. de A Coruña, 6 – 2º - Noia		Social	Asociación sen ánimo de lucro	17/04/2015	22/12/2002	170
32	Asociación Balandro Joaquín Vieta	G-70.148.051	Lg. Chan de Maroñas, 2 - Noia		Social	Asociación sen ánimo de lucro	29/05/2015	19/02/2009	29
33	Sociedade Liceo de Noia	G-15.027.691	Alameda, s/n - Noia		Social	Asociación sen ánimo de lucro	29/05/2015	11/04/1905	3050
34	Asociación Empresarial de Corcubión	G-70.230.636	Rúa Rosalía de Castro, 32 - Corcubión		Económico	Asociación Empresarial	29/05/2015		
35	*Asociación de Mulleres Rurais Os Hórreos	G-70.088.976	Lg.de Bornalle, 28 – Abelleira - Muros		Social	Asociación sen ánimo de lucro	29/05/2015	02/02/2007	24
36	Costa da Morte Asociación Turística (CMAT)	G-70.446.810	Lg. de Lires, 82 - Cee		Económico	Asociación Empresarial	25/11/2015	26/02/2015	15
37	Asociación de Empresarios de Portosín	G-70.440.094	Avda. da Constitución, 16-18 – Portosín – Porto do Son		Económico	Asociación Empresarial	25/11/2015	12/01/2015	39

Nº	Denominación	NIF	Domicilio social	Representante	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Socios
38	Asociación Cultural Mar de Muros	G-15.939.127	Rúa Axesta, 71 - Muros		Social	Asociación sen ánimo de lucro	25/11/2015	19/04/2004	24
39	Asociación Socio-cultural Auga e Sal	G-70.444.336	Rúa Rosalía de Castro, 19 - Muros		Social	Asociación sen ánimo de lucro	25/11/2015	11/02/2015	7
40	Asociación Cultura A Canle de Lira	G-15.380.512	Escola de Portocubelo, s/n - Lira- Carnota		Social	Asociación sen ánimo de lucro	25/11/2015	26/04/2004	10
41	Asociación Cívico-cultural Terra de Outes	G-70.059.357	Avda. do Rocío, 36 - Outes		Social	Asociación sen ánimo de lucro	25/11/2015	14/02/2006	
42	*Asociación de Mulleres do Sector Pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros-Noia	G-70.517.511	Rúa Espírito Santo, 4 - Noia		Pesqueiro	Asociación sen á	17/02/2017	14/04/2016	67
43	Asociación Profesional de Empresarios do Camiño Santiago A Fisterra-Muxía	G-70.413.489	Avda. Lino Fernández Madero, 13 - 1ºC - Cee		Económico	Asociación Empresarial	15/06/2018	18/05/2016	114
44	Asociación de Empresarios, Comerciantes e Profesionais de Carnota	G-70.482.666	Rúa Santa Columba, 13 - Carnota		Económico	Asociación Empresarial	19/06/2020	25/11/2015	62
45	*Asociación de Redeiras do Cerco de Portosín	G-70.589.155	Peirao, s/n - Portosín - Porto do Son		Pesqueiro	Asociación sen ánimo de lucro	10/06/2022	26/12/2019	13
46	**Escuela de Piraguüismo Outes	G-15.603.988	Praza do Concello, 1 - Outes		Social	Asociación Deportiva	14/07/2022	20/10/2021	27

9.3 Representación da entidade: órganos sociais

Táboa. Composición actual da xunta directiva

-Non se inclúen datos de carácter persoal-

Nº	Persoa representante	NIF	Cargo	Sector	Entidade á que representa
1			Presidente	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Muros
2			Vicepresidente	Público	Concello de Fisterra
3			Secretario	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Noia
4			Tesoureira	Económico	Asoc. Turística Comarcal Ría Muros-Noia
5			Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de San Telmo Porto do Son
6			Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de San Andrés Portosín
7			Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Lira
8			Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Fisterra
9			Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores Virxe do Carmen Corcubión
10			Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Lira
11			Vogal	Pesqueiro	Asoc. Redeiras Virxe do Carme
12			Vogal	Pesqueiro	Asoc. Mulleres S.P. Seo Fisterra Ría Muros-Noia Costa Sostible
13			Vogal	Social	Asoc. A Misela
14			Vogal	Social	Asoc. Sociocul. Auga e Sal
15			Vogal	Social	Asoc. Mulleres Rurais Os Hórreos
16			Vogal	Social	Asoc. Balandro J. Vieta
17			Vogal	Social	Club Marítimo Carrumeiro
18			Vogal	Económico	Asoc. Noia Histórica
19			Vogal	Económico	Costa da Morte Asociación Turística
20			Vogal	Económico	Asoc. Empresarios de Portosín
21			Vogal	Económico	Asoc. Prof. Empresarios Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía
22			Vogal	Público	Concello de Muros
23			Vogal	Público	Concello de Outes
24			Vogal	Público	Concello de Carnota
25			Vogal	Público	Concello de Noia

Táboa. Representación por xénero nos órganos sociais.

	Asemblea			Xunta Directiva		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Sector pesqueiro	7	5	12	7	3	10
Sector público	6	3	9	4	1	5
Sector económico	6	2	8	3	2	5
Sector social	14	3	17	3	2	5
Total entidades	33	13	46	17	8	25

Táboa. Representación por sectores nos órganos sociais.

	Asemblea		Xunta Directiva	
	Número	% dereitos voto	Número	% dereitos voto
Sector pesqueiro	12	26,09 %	10	40 %
Sector público	9	19,56 %	5	20 %
Sector económico	8	17,39 %	5	20 %
Sector social	17	36,96 %	5	20 %
Total entidades	46		20	

Representatividade: estrutura social.

A estrutura social do GALP Costa Sostible é representativa do zona pesqueira.

-Inclúe a todas as confrarías e a totalidade de entidades profesionais do **sector da pesca**. Sendo este o sector clave da EDLP, podemos garantir unha cobertura case total da poboación e do tecido económico e social deste segmento.

-inclúe a todas as **entidades locais**, polo que se representa a todos os cidadáns.

-Conta cun total de **46 entidades**, 6 máis que no momento da elaboración da EDLP 2016-2020.

- Sen contar os concellos, suman 34 entidades, cun total de **8.620 persoas asociadas** para unha poboación de 58.613 habitantes. Se ben non se pode establecer unha porcentaxe directa poboación 'asociada' (polas duplicidades que poida haber), é un dato indicativo da alta representatividade.
- Están incluídas as **asociacións profesionais**, en particular da hostalería e o turismo, sector clave na EDLP.
- Por outra banda, o traballo de captación de socios por parte do GALP Costa Sostible, fai que estean incluídas as **entidades máis dinámicas**.
- Alén das confrarías e concellos, a variedade das asociacións garante a representación de **intereses e sensibilidades** moi diversos.
- A maioría dos municipios da zona pesqueira están representados por máis dunha entidade, o que aporta **equilibrio territorial**.

Representatividade: método de traballo.

- Pola súa forma de traballar, o GALP Costa Sostible dá cabida a todo o tecido social da zona pesqueira. Nos seus eventos, ligados á transformación económica, difusión do sector da pesca e da cultura mariñeira, o turismo ou a acción social, teñen cabida todos os intereses e sensibilidades, polo que está dotado dunha visión ampla e complexa da realidade do territorio.